

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 24 DE XANEIRO DE 2020.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DOCE HORAS E VINTE MINUTOS** do día **VINTECATRO DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia das tenentes de Alcalde **MÓNICA GONZÁLEZ CONDE** e **ÁNGELA MARÍA TROITIÑO GIL** e os concelleiros **ANTONIO FERRO LOSADA** e **JESUS TABOADA LÁZARA**.

Interventor da Corporación: **LEOPOLPO MOURE DOPICO**  
Secretario da Corporación: **DAVID GARCÍA LAREO (Secretario accidental)**.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **ACTAS ANTERIORES.**
- 2º.- **EXPTE. 1470/2019. ADXUDICACIÓN PLAN CONCELLOS 2018-2019 – LIÑA 1 DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN POR REINVESTIMENTO DE BAIXA PARA O INVESTIMENTO: ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO EN VÍAS MUNICIPAIS.**
- 3º.- **URBANISMO.**

1º.- **ACTAS ANTERIORES.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación as seguintes Actas:

- 20 de decembro de 2019
- 13 de xaneiro de 2020

2º.- **EXPTE. 1470/2019. ADXUDICACIÓN PLAN CONCELLOS 2018-2019 – LIÑA 1 DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN POR REINVESTIMENTO DE BAIXA PARA O INVESTIMENTO: ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO EN VÍAS MUNICIPAIS.**

Visto que, por resolución da Alcaldía de data 28 de agosto de 2019 acordouse:

*"Primeiro. Realizar o investimento denominado ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO EN VIAIS MUNICIPAIS*

*Segundo. Aprobar o proxecto referido, redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, D. Román Gómez Fraiz.*

*Terceiro. Solicitar para a súa realización unha subvención polo importe total do orzamento (21.086,75 euros) con cargo ó Plan Concellos 2018/2019. (ANUALIDADE 2019)."*

Vista a Resolución da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 22 de outubro de 2019, en relación co Plan Concellos 2018-2019, de concesión de subvención por reinvestimento de baixa por un importe de 21,086,75.- € con destino ao financiamento do investimento "ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO EN VÍAS MUNICIPAIS".



**ANTECEDENTES.** O artigo 118 da LCSP considera contratos menores os de obras por importe inferior a 40.000 euros. Estes contratos poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar/contratar, que conte coa habilitación profesional necesaria, e co cumprimento, segundo dispón o artigo 118 da LCSP, das condicións que seguen:

- Que non existen prestacións adjudicadas ou pendentes relacionadas co obxecto deste contrato que conxuntamente con este afecten ao procedemento de contratación.
- Que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais da contratación.
- Que a empresa seleccionada non foi adjudicataria doutros contratos menores que individual ou conxuntamente superen os límites recollidos no artigo 118.

Co obxecto de proceder a dita contratación solicítouse oferta a:

- Celso Novo Pérez
- Construcciones Rey Rozados, S. L.
- Construcciones Míguez Xestoso, S. L.
- Elías Taboada Cumbrasos.
- Endenor Mantenimiento y Servicios, S. L.

Visto que presentáronse as seguintes ofertas:

Registro de Entrada		Empresa	Presuposto € (excluído IVE)
Número	Data		
288	20.01.2020	Endenor Mantenimiento y Servicios S.L.	16.822,15 €
290	21.01.2020	Construcciones Míguez Xestoso S.L.	13.782,38 €
323	22.01.2020	Construcciones Rey Rozados, S.L.	16.984,00 €

Polo exposto, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

**1º.- Adjudicar** o contrato menor de “**ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO EN VÍAS MUNICIPAIS**” a empresa CONSTRUCCIONES MÍGUEZ XESTOSO, S.L., por importe total de **16.676,68 €** – IVE incluído por valor de 2.894,30 € e base imponible 13.782,38 €.

**2º.-** Dar traslado deste acordo o adjudicatario e a Intervención municipal.

**3º.- URBANISMO.**

**3.1.- Expte. 2373/2018. Cemiterio parroquial de Lamela.**

Dase conta do escrito remitido pola Delegación Provincial de Pontevedra - Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, de data 28 de outubro de 2019, Ref. 118/19 SM, comunicando que en



relación co expediente de regularización do cemiterio parroquia de San Miguel de Lamela, e aos efectos previstos na disposición adicional primeira do Decreto 151/2014, do 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia, a Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade informa que, revisada a documentación recibida con data 28/03/2019 (R.E. 35038) e realizada a inspección ao cemiterio, comprobouse que a solicitude reúne os requisitos recollidos ma citada disposición adicional de regularización de cemiterios.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

### 3.2.- Expte. 1459/17. Licenza de Obra Menor. Traslado de hórreo dentro da mesma parcela. Jesús Castro Fernández.

Vista a solicitude presentada por JESUS CASTRO FERNÁNDEZ, Rexistro de Entrada 2017-E-RC-5184, de data 22 de novembro de 2017 para traslado de hórreo dentro da mesma parcela, sita en Forcas, nº 21 - Laro (Silleda), referencia catastral 36052S504004460000KF, segundo anteproxecto da arquitecta Natalia Campos Ferro.

Visto o informe emitido o 23 de xaneiro de 2020 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

"Solicitante	Jesús Castro Fernández		
Data de rexistro	22.NOV.2017	Nº 2017-E-RC-5184	Expediente 1459/2017
Solicitude	Traslado de hórreo dentro da mesma parcela		
Emprazamento	Forcas, nº 21, Silleda		
Referencia catastral	36052S504004460000KF	Coordenadas UTM 29 ETRS89:	
Parcela rexistral	n/d	X: 563171 Y: 4720791	
Clase de solo	Solo rústico	Superficie construída: 11,28 m <sup>2</sup>	
Autor do Proxecto	Natalia Campos Ferro, Arquitecta Colexiada 4382		
Proxecto	Anteproxecto Sen visar (Real Decreto 1000/2010, sobre visado colegial obligatorio)		
Dirección de Obra	n/d		
Dirección de Execución	n/d		
Orzamento (P.E.M.)	3.000,00 €	P.E.M. segundo Mbc ano 2010:	€

#### NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana.
- 2 Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia
- 3 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 4 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 5 Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.
- 6 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 7 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- 8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 10 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 12 R.D. 2187/1978, de 23 de xuño de 1978. Reglamenteo de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 13 Planeamento do Concello de Silleda
- 13.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.



- 13.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
- 13.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 13.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 13.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 13.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 13.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
- 13.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
- 13.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 13.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
- 13.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
- 13.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
- 13.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016
- 14 Concordantes

#### ANTECEDENTES:

1. Emitese informe técnico sobre o expediente 1459/2017, de solicitude de licenza asinada por Jesús Castro Fernández, presentada con R.E. 2017-E-RC-5184 de 22.NOV.2017. Aporta unha copia de proxecto técnico asinado por Natalia Campos Ferro, Arquitecta colexiada 4382.
2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 13.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.
3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia, informe no que se verifican as condicións urbanísticas da parcela, as normas autonómicas relativas a accesibilidade e o ruído, así como a integridade documental:

#### INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como **Solo rústico**. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 13.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a **Traslado de hórreo dentro da mesma parcela**, está clasificado como **solo de núcleo rural históricotradicional**.
5. A edificación non se encontra catalogada no vixente Plan Xeral nin no aprobado provisoriamente. Porén, é susceptible, polas súas características, de ser construído anteriormente ao ano 1901, polo que pasaría a considerarse Ben de Interese Cultural. **En todo caso, o seu traslado, mesmo dentro da parcela, deberá ser autorizado pola Consellería de Cultura, segundo establece o artigo 92.4 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.**
6. O uso solicitado encadra dentro do artigo 35.1.g) **Construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales como as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros**. da Lei do solo de Galicia e sería autorizable por licenza municipal directa segundo o artigo 36, salvo mellor criterio.
7. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.
8. Segundo o indicado no artigo 36.2 da Lei do Solo de Galicia, Réxime de usos, a xuízo deste arquitecto, en función da protección especial do solo non que se pretenden executar as obras, sería preciso contar cón informe emitido polo seguinte organismo:



8.1 Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural, ao abeiro do sinalado no artigo 36.2 da Lei do Solo por encontrarse en solo rústico de Protección Agropecuaria.

8.2 Servizo de Explotacións Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural, ao abeiro do sinalado no artigo 36.2 da Lei do Solo por encontrarse en solo rústico de Protección Agropecuaria.

8.3 Dirección xeral de Protección da Natureza da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, ao abeiro do sinalado no artigo 36.2 da Lei do Solo por encontrarse en solo rústico de Protección de Espazos Naturais.

8.4 Augas de Galicia, ao abeiro do sinalado no artigo 36.2 da Lei do Solo por encontrarse en solo rústico de Protección de Augas.

9. Segundo o indicado no artigo 36.2 da Lei do Solo de Galicia, e posto que se trata de Solo rústico, non se precisaría solicitar informes sectoriais ao abeiro do establecido no nomeado artigo 36.

10. Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, sería preciso ter, con carácter previo á concesión de licenza municipal e previos os trámites oportunos, as autorizacións previas dos seguintes organismos:

10.1 Delegación Territorial de Patrimonio Cultural a fin de que se emita informe previo á concesión de licenza municipal de obra de traslado de hórreo dentro da parcela, segundo o artigo 92.4 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

10.1.1 Consta no expediente autorización da nomeada Consellería, con CVE2 ejexwjhV51

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude de concesión da licenza de Traslado de hórreo dentro da mesma parcela solicitada dende o punto de vista técnico, e propónse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás limitacións que establezan os informes sectoriais sinalados no punto 10 deste informe técnico."

Polo exposto, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

**Primeiro.-** Prestar aprobación a licenza de obra menor solicitada por JESÚS CASTRO FERNÁNDEZ para traslado de hórreo dentro da mesma parcela, sita en Forcas, nº 21 - Laro (Silleda), referencia catastral 36052S504004460000KF, con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito.

**Segundo.-** Liquidación do Imposto de Construcións Instalacións e Obras ( ICIO ) e taxas.

a) Liquidación da taxa polo outorgamento de licenza urbanística:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut. €	Pagado €	Débeda. pte. €
60,00	60,00		60,00	0,00	60,00

b) Liquidación do ICIO:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut.€	Pagado €	Débeda. pte. €
3.000,00	3.000,00	2,25 %	67,50	0,00	67,5

**Terceiro.-** Prazos de ingreso e Medios de pago



## Prazos de ingreso

O pago en período voluntario das liquidacións provisionais deberá facerse nos prazos indicados no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria:

a) Se a notificación da liquidacións se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o 20 do mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e derradeiro de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

## Medios de pago

O Ingreso efectuarase mediante transferencia bancaria á conta que o concello ten aberta en Banco SANTANDER é que é a seguinte: 0030/6210/22/0925476271.

**Cuarto.-** Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuízo de que poida exercitar calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaiese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

### 3.3.- Expte. 108/2020. Cambio de titularidade. Tania Isabel Teixeira Rúa.

Vista a solicitude de cambio de titularidade, presentada por TANIA ISABEL TEIXEIRA RÚA, Rexistro de Entrada nº 5265 de data 20 de novembro de 2019, para café-bar, na rúa Do Trasdeza, nº 64 (Silleda).



Visto que xunta a solicitude adxunta xustificante de pago de taxas e contrato de arrendamento asinado entre a solicitante e Dorinda Vigide Pereiras, propietaria do local destinado a cafe-bar, na rúa do Trasdeza, n.º 64, Silleda, parcela con referencia catastral 1777003NH6217N0001SD.

Polo exposto, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

**Primeiro.-** Darse por comunicados do cambio de titularidade da licenza de Café-Bar, na rúa do Trasdeza, n.º 64, Silleda, a favor de TANIA ISABEL TEIXEIRA RÚA.

**Segundo.-** Aprobar as seguintes liquidacións provisionais:

Taxa por expedición de documentos administrativos (artigo 2 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos e servizos urbanísticos e 2.4 do Anexo da mesma Ordenanza) por importe de 36,00 euros, ingresados na conta do Concello en data 20 de novembro de 2019.

**Terceiro.-** Notifíquese o acordo aos interesados no procedemento, e dese traslado do mesmo aos servizos de urbanismo, intervención e tesourería.

**Cuarto.-** Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaiese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

### **3.4.- Expte. 247/2019. Licenza para ampliación de explotación agrícola. María Dolores Pena Vidal.**

Vista a solicitude de licenza, presentada por MARÍA DOLORES PENA VIDAL, Rexistro de Entrada nº 2019-E-RE-20 de data 31 de xaneiro de 2019, para ampliación de explotación agrícola no lugar de Lis, parroquia de Moalde (Silleda), segundo anteproxecto dos arquitectos Zara M Villaverde pena e José Luis Rodríguez González.

Visto o informe emitido o 16 de xaneiro de 2020 polo arquitecto Lino Manuel Doportó Framil no que conclúe o seguinte:

"Solicitante	María Dolores Pena Vidal		
Data de rexistro	31.XAN.2019	Nº 2019-E-RE-20	Expediente 247/2019
Solicitud	Ampliación de explotación agrícola		
Emprazamento	Lis, Moalde		
Referencia catastral	36052E50800506	Coordenadas UTM 29 ETRS89:	
Parcela rexistral	n/d	X: 556255.06 m Y: 4729163.92 m	



Clase de solo Solo rústico Superficie construída: 682,85 m<sup>2</sup>  
Autor do Proxecto Zara M Villaverde Pena e José Luis Rodríguez González, arquitectos colexiados 3862 e 2897, respectivamente  
Proxecto Anteprojecto  
Dirección de Obra  
Dirección de Execución  
Orzamento (P.E.M.) 4.000,00 € P.E.M. segundo Mbc ano 2010: 25.822,37 €

#### NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana.
- 2 Plan Básico Autonómico.
- 3 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 4 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 5 Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.
- 6 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 7 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- 8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 10 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 12 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 13 Planeamento do Concello de Silleda
  - 13.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
  - 13.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
  - 13.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
  - 13.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
  - 13.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
  - 13.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
  - 13.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
  - 13.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
  - 13.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
  - 13.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
  - 13.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
  - 13.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
  - 13.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016
- 14 Concordantes

#### ANTECEDENTES:

1. Emitese informe técnico sobre o expediente 247/2019, de solicitude de licenza asinada por María Dolores Pena Vidal, presentada con R.E. 2019-E-RE-20 de 31.XAN.2019. Aporta unha copia de memoria técnica asinado por Zara M Villaverde Pena e José Luis Rodríguez González, arquitectos colexiados 3862 e 2897, respectivamente e xustificante de pagamento de taxas municipais.

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 13.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este praza e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.





3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras.

4. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, no seu artigo 143.3 dispón que: “Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel”.

5. Serán responsables da aplicación do CTE os axentes que participan no proceso da edificación, segundo o establecido no capítulo III de la LOE. Segundo o art. 5.3 da Parte I do CTE, para xustificar que un edificio cumpre as exixencias básicas do CTE “poderá optarse por solucións alternativas, entendidas como aquelas que se aparten total ou parcialmente dos DB. O proxectista ou o director de obra poden, baixo a súa responsabilidade e previa conformidade do promotor, adoitar solucións alternativas, sempre que xustifiquen documentalmente que o edificio proxectado cumpre as exixencias básicas do CTE porque as súas prestacións son, alomenos, equivalentes ás que se obterían pola aplicación dos DB”.

6. O presente informe ten por único obxecto comprobar, dende o punto de vista técnico, a adecuación do acto pretendido ás previsións da lexislación e da ordenación territorial e urbanística de aplicación, así como ao planeamento vixente (art. 354.3 do RLSG). Respecto á lexislación específica de edificación e uso, unicamente se comprobarán aquelas normas nas que expresamente se requira o control municipal.

7. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia, informe no que se verifican as condicións urbanísticas da parcela, as normas autonómicas relativas a accesibilidade e o ruído, así como a integridade documental e xustificación do CTE:

#### INFORME TÉCNICO:

8. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como Solo rústico. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 13.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a Ampliación de explotación agrícola, está clasificado como solo de núcleo rural histórico-tradicional.

9. A edificación encóntrase no mesmo recinto dun hórreo e un cruceiro catalogados no Plan Xeral aprobado provisionalmente, que se recollen nas fichas que se xuntan como anexo; e polo tanto deberase solicitar informe á Consellería de Cultura segundo o Artigo 198. Alcance dos catálogos do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia: “(...) 2. A aprobación inicial dos catálogos urbanísticos determinará, en relación cos bens e demais elementos que sexan obxecto de catalogación, a necesidade de sometemento ao correspondente informe do órgano sectorial competente na materia, para a concesión de títulos habilitantes de obras e usos nos elementos catalogados e nos seus contornos de protección e zonas de amortecemento.”

Ficha	Elemento	Grao de protección
19.04	Pazo de Lis	ESTRUCTURAL

10. O uso solicitado encadra dentro do artigo 35.1.h) Construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandaría extensiva e intensiva, granxas, currais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou críen animais, e instalacións apícolas. da Lei do solo de Galicia e sería autorizable por licenza municipal directa segundo o artigo 36, salvo mellor criterio.

11. Cumprimento dos artigos 39, 91 e 92 da Lei do solo de Galicia:

Artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.

CUMPRE

As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter

SI



histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

**Artigo 92. Protección das vías de circulación.**

1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior.

Unicamente se exclúe desta obriga a colocación de marcos e cerramentos de postes e arame destinados a delimitar a propiedade rústica, así como o establecido no artigo 26.1.e).

2. En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial aplicable.

35.1.h)

SI

Si

SI

Non procede

N/d

SI

11.1 A explotación conta con recoñecemento das edificacións, tramitado consonte á Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e a Circular Informativa 1/2003, de 31 de xullo, sobre as explotacións agrícolas e gandeiras existentes antes da entrada en vigor da nova Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; documentación obrante neste departamento técnico de Urbanismo, vías e obras, mediante acordo de xunta de goberno local do día 9 de setembro de 2004, polo que se recoñecen as seguintes edificacións:

11.1.1 Edificación destinada a **pozo de purín**, cunha superficie construída total de 40,15 m<sup>2</sup> en planta baixa.

11.1.2 Edificación destinada a **establo**, cunha superficie construída total de 170,93 m<sup>2</sup>.

11.1.3 Edificación destinada a **leitería**, cunha superficie construída total de 15,60 m<sup>2</sup> en planta baixa.

11.1.4 Edificación destinada a **cortes**, cunha superficie construída total de 40,67 m<sup>2</sup> en planta baixa.

11.1.5 Edificación destinada a **almacén**, cunha superficie construída total de 64,01 m<sup>2</sup> en planta baixa.

11.1.6 Edificación destinada a **palleira**, cunha superficie construída total de 198,65 m<sup>2</sup> en planta baixa.

11.2 Na documentación técnica xustifícase por escrito o incremento inferior ao 50% do volume inicial sinalado na D.T. 4ª nomeada.

12. Canto á tramitación ambiental, a LEI 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a actuación proxectada non figura no ANEXO no que se inclúen as actividades sometidas a Avaliación de Incidencia Ambiental. Por tanto, enténdese que **está excluída do procedemento de avaliación de incidencia ambiental**.

13. Canto aos **parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito, non son de aplicación nos supostos de rehabilitación do artigo 40, salvo o límite de altura, que si se cumpre no proxecto**.

14. Segundo o artigo 92 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia "Protección das vías de circulación":

1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior.



15. Segundo o artigo 39.c) da Lei 2/2016 do Solo de Galicia:

- Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio no que se localicen.

16. Segundo o artigo 99 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda:

D.- Como norma general los cierres de obra de fábrica, postes de tendido eléctrico y demás elementos constructivos podrán autorizarse a SEIS (6) metros del eje del camino y en todo caso a TRES (3) metros del borde o arista exterior de la explanación, siendo definida esta según el art. 33.1 de la Ley de Carreteras.

E.- Cuando los cierres de obra de fábrica o desmontables, postes de tendido eléctrico y demás elementos constructivos, se soliciten con el compromiso de derribo o traslado por cuenta del propietario, el ayuntamiento podrá autorizarlas en este caso a TRES (3) metros del eje del camino y en todo caso a UN (1) metro de la arista exterior de la explanación o cuneta respectiva. El Ayuntamiento en base a necesidades de ampliación de infraestructura, implantación de servicios, etc., podrán ordenar el derribo o traslado de los cierres, postes y demás elementos constructivos con cargo a los propietarios en este caso y sin que estos puedan alegar derecho a reclamación o indemnización de ninguna clase sobre los mismos.

F.- En las zonas donde existan intersecciones de caminos y en una distancia de veinticinco (25) metros en los accesos que lo forman, los retranqueos mínimos anteriormente definidos para caminos rurales, tanto para edificaciones como para cierres y demás elementos constructivos se aumentarán en UN (1) metro en todos los casos a efectos de visibilidad y seguridad en la circulación de vehículos y personas.

17. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase inexacto o orzamento que figura na memoria técnica. Aplicando os módulos básicos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia do ano 2010, de 520,00 €/m<sup>2</sup>, para un coeficiente de tipo edificatorio, ct, e un coeficiente de tipo de uso cu, multiplicado por 0,9 como corresponde ao Concello de Silleda, obtéñense os valores que se indican a continuación:

#### Cálculo de presupuesto de ejecución material

	nº	Sup.	€/m <sup>2</sup>	Tipo de obra	C <sub>1</sub>	Tipo de uso	C <sub>u</sub>	C <sub>g</sub>	
PLanta Baixa	1	167,20	520	Agrupación en fila ou fileira	1,1	Granxas	0,3	0,9	25.822,37 €
<b>TOTAL</b>		167,20m <sup>2</sup>					PEM		25.822,37 €

#### Taxas

ICIO	2,25% de	25.822,37 €	581,00 €
Informe técnico			60,00 €
			TAXA 641,00 €

#### **18. Polo que respecta á delimitación de responsabilidades, os deterioros dos servizos urbanos ou calesquera producidos como consecuencia das obras realizadas, serán responsabilidade do promotor as obras.**

19. Segundo o indicado no artigo 36.2 da Lei do Solo de Galicia, Réxime de usos, a xuízo deste arquitecto, en función da protección especial do solo non que se pretenden executar as obras, sería preciso contar có informe emitido polo seguinte organismo:

19.1 Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural, ao abeiro do sinalado no artigo 36.2 da Lei do Solo por encontrarse en solo rústico de Protección Agropecuaria.

19.1.1 Consta no expediente autorización do citado organismo con CVE2: UaXD8eemm8

20. Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, **sería preciso ter, con carácter previo á concesión de licenza municipal e previos os trámites oportunos, as autorizacións previas dos seguintes organismos:**



20.1 Delegación Territorial de Patrimonio Cultural a fin de que se emita informe previo á concesión de licenza municipal de obra, que se pretende executar nas proximidades dunha edificación catalogada polo Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado provisionalmente o 18 de marzo de 2016, segundo o establecido no Artigo 198.2 "Alcance dos catálogos" do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

20.1.1 Consta no expediente autorización do citado organismo con CVE3: f70eiel2a1

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude de concesión da licenza de Ampliación de explotación agrícola e propónse o traslado de copia do expediente completo ao Servizo sinalado no punto 20.1 deste informe técnico."

Polo exposto, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

**Primeiro.- CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a MARÍA DOLROES PENA VIDAL para ampliación de explotación agrícola, no lugar de Lis, parroquia de Moalde (Silleda), parcela con referencia catastral 36052E50800506, con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito, así como as que constan no informe da Delegación Territorial de Patrimonio Cultural:

"Os muros terán un acabado liso, evitando enfuscados rugosos ou granulares, e pintaranse en cores mate, evitando tonalidades branco puro. Asemade, recoméndase estender as tarefas de enfuscado e pintado dos muros á tonalidade dos paramentos da nave xa existente, de xeito que o conxunto presente un acabado uniforme axeitado á contorna na que se insire."

**Segundo.-** Liquidación do Imposto de Construcións Instalacións e Obras ( ICIO ) e taxas.

a) Liquidación da taxa polo outorgamento de licenza urbanística:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut. €	Pagado €	Débeda. pte. €
60,00	60,00		60,00	60,00	60,00

b) Liquidación do ICIO:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut.€	Pagado €	Débeda. pte. €
25.822,37	25.822,37	2,25 %	581,00	90,00	491

**Terceiro.-** Prazos de ingreso e Medios de pago

Prazos de ingreso

O pago en período voluntario das liquidacións provisionais deberá facerse nos prazos indicados no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria:



a) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o 20 do mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e derradeiro de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

#### Medios de pago

O ingreso efectuarase mediante transferencia bancaria á conta que o concello ten aberta en Banco SANTANDER é que é a seguinte: 0030/6210/22/0925476271.

**Cuarto.-** Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuízo de que poida exercitar calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaiese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

### 3.5.- Expte. 1961/2018. Prórroga de licenza. Manuel Villanueva Meda.

Vista a solicitude de prórroga de licenza, presentada por MANUEL VILLANUEVA MEDA, Rexistro de Entrada nº 2019-E-RE-4301 de data 01 de outubro de 2019, para ampliación de capacidade de almacenamento de taller de pirotécnica, no lugar de Bazar, nº 7 (Silleda).

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 25 de agosto de 2015, acordouse:

*"OUTORGAR a LICENZA solicitada, con suxeición ás condicións sinaladas nas autorizacións e no informe técnico anteditos.*

*Antes do inicio das obras deberá presentar no Concello os oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras.*



*Unha vez rematadas as obras, o inicio legal do exercizo da actividade requirirá da presentación dunha comunicación de inicio de actividade no modelo oficial."*

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 05 de abril de 2019, acordouse:

*"conceder a prórroga solicitada por MANUEL VILLANUEVA MEDA para a execución da obra "ampliación de capacidade de almacenamento de taller de pirotecnia no lugar de Bazar, 7, na parcela con referencia catastral 36052F50200085 e 36052F50210086"*

**Visto** o informe emitido o 23 de xaneiro de 2020 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

"Solicitante Manuel Villanueva Meda  
Data de rexistro 22.AGO.2018 N° 2018-E-RC-3559 Data escrito 1961/2018  
Emprazamento Bazar, 7, Silleda.  
Referencia catastral 36052F50200085 e 36052F50210086  
ASUNTO: Solicitude de prórroga de licenza

#### ANTECEDENTES

1. Amósaseme para informe técnico a solicitude presentada por Manuel Villanueva Meda, con rexistro de entrada 2018-E-RC-3559 de día 22.AGO.2018.

2. O artigo 145 da Lei 2/2016, do Solo de Galicia sinala o seguinte:

##### Artigo 145. Caducidade das licenzas

1. No acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

3. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

4. A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado.

#### INFORME:

3. Vista a solicitude presentada, en tempo e forma, e dado que a ordenación urbanística non sufriu alteracións desde o momento da concesión da licenza (Xunta de Goberno Local de día 25 de agosto de 2015), polo que se entende que procede a concesión da prórroga solicitada, salvo mellor criterio."

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA conceder a prórroga solicitada por MANUEL VILLANUEVA MEDA para a execución da obra "ampliación de capacidade de almacenamento de taller de pirotecnia no lugar de Bazar, 7, na parcela con referencia catastral 36052F50200085 e 36052F50210086".

#### **4º.- RECOÑECIMENTO DE ANTIGÜEDAD.**



4.1.- Dase conta do escrito presentado por JOSÉ LUIS GARCÍA MONTOTO, Rexistro de Entrada nº 5696, de data 27 de decembro de 2019, atendendo o especificado na Lei 70/1978 sobre recoñecemento de servizos previos na Administración Pública e lle sexa computado o período realizado na Prestación Social Sustitutoria do Servizo Militar, período comprendido entre o 23 de outubro de 1997 e 27 de xullo de 1998, para o cal adxunta certificado do Ministerio de Xustiza de tal situación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA**, recoñecer a JOSÉ LUIS GARCÍA MONTOTO, o período comprendido entre o 23 de outubro de 1997 e 27 de xullo de 1998 como servizos a Administración Pública, atendendo o especificado na Lei 70/1978.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as trece horas e cuarenta e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certifico.

Silleda, a 24 de xaneiro de 2020

Vº e Prace  
O ALCALDE,  
Asdo. Manuel Cuiña Fernández

O SECRETARIO acctal.  
Asdo. David García Lareo

